



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ORDENANZA FISCAL Nº 19

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1.º .-Fundamento e réxime.

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo co previsto nos artigo 15 e 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa polo outorgamento de licencias de apertura de establecementos, que se regulará pola presente ordenanza e polo disposto nos artigos 58 da Lei 39/1988.

Artigo 2.º .-Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no n.º 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.
- d) Os traspasos ou cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesá da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto sobre actividades económicas.
- b) Aínda sen desenvolver aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou

aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3.º .-Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver, ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4.º .-Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.º .-Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando a apertura xa tivese lugar sen te-la oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, se non fose autorizable a dita apertura.
3. A obriga de contribuír, unha vez nada, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 6.º .-Base imponible e liquidable.

	Euros
EPÍGRAFE A)	
ACTIVIDADES INOCUAS	
Licencias para o exercicio de actividades comerciais, artesanías ou de servicios de menos de 50 m ²	121
Licencias para o exercicio de actividades comerciais, artesanías ou de servicios de 51 a 100 m ²	181
Licencias para o exercicio de actividades comerciais, artesanías ou de servicios de 101 m ² en adiante	242
Cambio de titularidade	50% dos anteriores
EPÍGRAFE B)	
ACTIVIDADES SUXEITAS Ó R.A.M.N.I.P.	
Licencias para o exercicio de actividades empresariais, industriais ou de construción de ata 100 m ² de superficie	242

Licencias para o exercicio de actividades empresariais, industriais ou de construción de 101 a 250 m ² de superficie	361
Licencias para o exercicio de actividades empresariais, industriais ou de construción de máis de 251 m ² de superficie	485
Cambio de titularidade	50% dos anteriores
EPÍGRAFE C)	
Actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental	Cota do 500% do IAE
Cambio de titularidade	50% do IAE

Quedan bonificadas no 50 por cento as instalación iguais ou inferiores a 60 cabezas de gando.

Artigo 7.º .-Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase aplicando o tipo de gravame do 100 por cento sobre a base definida no artigo anterior.

No caso de cambios de titularidade por calquera causa, de establecementos ou locais suxeitos ó Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, a cota tributaria determinarase aplicando o tipo de gravame do 100 por cento sobre a base imponible. Cando se trate de actividades que non estean suxeitas ó devandito regulamento, o tipo aplicable será o 50 por cento.

Artigo 8.º .-Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88, do 28 de decembro, non se reconece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido en tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

Artigo 9.º .-Declaración, liquidación e ingreso.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, xuntando o proxecto técnico e demais documentos esixibles polas disposicións vixentes.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións poñeranse en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3. Rematada a actividade municipal e unha vez dictada a resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase a liquidación correspondente, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10.º .-Infraccións e sancións.

Constitúen casos de infracción grave:

- a) A apertura de locais sen a obtención da correspondente licencia será sancionado co importe do 200 por cento do establecido no epígrafe correspondente, sen prexuízo doutras responsabilidades.
- b) A falsidade dos datos necesarios para a determinación da base de gravame será sancionado co importe do 200 por cento do establecido no epígrafe correspondente, sen prexuízo doutras responsabilidades.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa